



TAPEA POIO 2026

O Concello de Poio convoca o **Terceiro Certame de Tapas de Poio “TAPEA POIO”**, segundo as seguintes

BASES

Primeira: Participantes

Poderán participar todos os establecementos hostaleiros do Concello de Poio. A participación é de balde.

Segunda: Datás

As datas de celebración serán dos días 1 ao 17 de maio de 2026. A data fin de inscrición é o vindeiro 31 de marzo.

Terceira: Categoría e especificacións técnicas

Establécense dúas categorías:

- **MELLOR TAPA CREATIVA**, sendo os valores gastronómicos que ponderan: innovación, técnica, presentación e orixinalidade da proposta.
- **MELLOR TAPA TRADICIONAL**, sendo os valores gastronómicos que ponderan: uso das receitas tradicionais, uso de produto de proximidade, identidade gastronómica galega.

O mesmo establecemento pode concursar en ambas categorías.

Cuarta: Prezo

Determinase un prezo fixo de 4,00 euros.



Quinta: Horario

O horario de servizo de pinchos e tapas vai a ser libre, pero con condicións, isto é, cada hostaleiro e hostaleira deberá propoñer o seu horario de servizo.

Sexta: Votacións

Cada local recibirá un código QR único para cada tapa presentada que redixirá ao público a un formulario de votación, que votará cada tapa con valores entre 1 e 5 puntos. Tamén recibirá unha urna convenientemente selada e boletos para que o público vote do 0 ao 5 no momento do consumo. Éste deixará nese boleto os seus datos, xa que tamén se usarán para os sorteos dos premios ao público. Os gañadores serán os que máis puntuación acaden. Ao finalizar o certame, todos os votos serán contabilizados no concello, onde ademáis custodiarán os datos persoais do público e procederán á destrución dos boletos de participación ao rematar todo.

XURADO PROFESIONAL. Un xurado profesional, fara a entrega de premios, será o encargado de outorgar un premio para á categoría creativa, e un premio á categoría tradicional.

Séptima: Promoción e Fotografía profesional

Para promocionar o certame entre a cidadanía e outros concellos vaise facer material publicitario como carteis, folletos e publicidade nas redes. Os establecementos participantes deberán comprometerse a ter visibles os carteis, folletos, e o seu particular QR no local. Se realizará unha fotografía profesional de cada pincho para o folleto, que se realizará os días 7 e 8 de abril, os participantes comprométense a facilitar á organización o sacar a foto, e tamén a que a presentación do pincho que aparece na fotografía sexa a mesma que degustará o público cando os consuma.

Octava: ORGANIZACIÓN. A edición de 2026 de TapePoio está organizada polo Concello de Poio. A organización resérvase o dereito a cambiar calquera dos preceptos das bases si as circunstancias así o requirisen.

Link de inscrición: <https://forms.gle/4kXBW1tN2uRUe8qD6>

En Poio a 24 de marzo de 2026.